



Estimadas familias:

Dadas as circunstancias excepcionais nas que nos atopamos e para normalizar o máximo posible esta situación, dámosvos algunhas recomendacións que podeades levar a cabo diariamente cos vosos nenos e nenas de Educación Infantil.

- **Lectura:** ler contos deixando que eles sexan participes (escribir o título do conto, debuxar a escena que máis lle gustou, coloreala, inventarlle outro final...).
- **Lectoescritura:** buscar letras en revistas, contos, carteis, etiquetas de roupa ou de alimentos...; e escribir (practicar o trazo das letras, escribir palabras sinxelas...).
- **Numeración:** contar obxectos habituais (froitas, xoguetes...), ver números en etiquetas, números de teléfono, datas de caducidade...; traballar sumas e restas sinxelas con pezas, animais, pinturas...; traballar sobre o calendario (mirar o día que é, o tempo que fai, contar os días do mes... para poñelo por escrito). Exemplo:

| Día da semana | Número do día | Mes | Ano |
|-------------------|---------------------------------|----------|--------|
| MARTES | 17 | MARZO | 2020 |
| Hoxe é... | Martes, día 17 de marzo de 2020 | | |
| SOLEADO | NUBRADO | CHUVIOSO | NEVADO |
| Hoxe está... | Soleado | | |
| (Debuxar o tempo) | | | |

- **Plástica:** recortar con tesoiras imaxes de revistas, palabras...; facer collage; colorear con diferentes materiais; debuxo libre; facer algunha manualidade sinxela; xogar con plastelina...





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI PLURILINGÜE "ANTONIO ORZA COUTO"

Forte – Boqueixón

Tel. 881866781 - 881866783 - Email: cpi.antonio.orza.couto@edu.xunta.es



CPI Plurilingüe
Antonio Orza Couto



▪ *Xogos de mesa: oca, dominó, puzzles, cartas, construcións...*



▪ *Atención e memoria: adiviñas, cancións, xogo do vexo-vexo; xogar ás palabras encadeadas...*



▪ *Autonomía: darlles autonomía nas tarefas diarias (axudar a poñer a mesa, vestirse e espirse sos, recoller os xoguetes...).*



▪ *Linguaxe: pedirilles que nos conten o que fixeron durante todo o día deixando que se expresen e escoitalos con tranquilidade; acostumarlos a pedir as cousas por favor e a dar as grazas...*



Ademais disto, poñemos á disposición das familias material para imprimir que, **de xeito voluntario**, poden realizar; sendo interesante ir combinando fichas dos distintos tipos de propostas.



Lembrade que nestes días o importante é que como nenos e nenas que son, xoguen, descansen e gocen da vosa compañía.



Desexamos que isto se resolva o antes posible e poder así regresar ás aulas con total normalidade.



Recordade a importancia de seguir as indicacións que dende os diferentes medios nos transmiten continuamente:



QUEDAR O MÁXIMO TEMPO POSIBLE NA CASA!



Moitas grazas pola vosa colaboración.



Un saúdo,



Equipo de Educación Infantil

